

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8554 *Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A alimentación en España é un signo de identidade que xorde da gran variedade e riqueza das producións agroalimentarias deste país que son consecuencia da diversidade das súas terras, mares, ecosistemas e tradicións.

A importancia, por tanto, de todo o relacionado cos alimentos, non deriva só da necesidade de satisfacer unha función primaria de todo ser humano, senón da intrínseca relación que a alimentación veu tradicionalmente mantendo coa sociedade, coa economía e co medio rural en España.

Este vínculo inexorable foi consolidándose co paso do tempo e xerando ao redor un sector de vital importancia, que ten como fin último non só atender as demandas dos consumidores, senón xerar riqueza e contribuír de forma significativa ao crecemento económico e ao desenvolvemento e progreso do medio rural español.

O sector agroalimentario en España ten, pois, un valor estratéxico innegable para a economía nacional, tal e como corroboran as magnitudes económicas sobre a súa participación no PIB, na balanza comercial, a súa dimensión, o número de empregos que xera ou as súas cotas de produción, que o sitúan como o primeiro sector manufactureiro e un dos que gozan de maior proxección internacional.

Non obstante, é un sector vulnerable no seu conxunto polas súas propias características, xa que integra unha ampla diversidade de axentes dos sectores da produción, a transformación e a distribución que, pola súa vez, se ven limitados individualmente pola súa idiosincrasia.

Con carácter xeral, o sector produtor agrario vese afectado por un alto nivel de atomización, no cal maioritariamente se integran empresas de pequena dimensión. A rixidez da demanda, a estacionalidade e atomización da oferta, a dispersión territorial ou a xeración de empregos vinculados ao medio rural, son especificidades propias do sector agrario que o diferencian claramente doutros sectores económicos, tal e como demostra o tratamento que recibiu no Tratado constitutivo da Unión Europea a través da política agraria común (PAC).

Pola súa banda, a industria agroalimentaria está integrada maioritariamente por pequenas e medianas empresas, xunto con grandes grupos industriais españois e internacionais.

O sector da distribución alimentaria encóntrase dividido en dous tipos de canles de venda. A canle de venda organizada, que está moi concentrada en empresas con superficies de venda de mediano e gran tamaño que ofertan unha ampla gama de produtos que, normalmente, pertencen a grandes grupos de distribución retalista que concentran a demanda dos distintos puntos de venda, o que lles confire un gran poder de negociación fronte aos provedores. A outra canle de venda é a do comercio especializado, formado por empresas con superficies de venda ao público de reducido tamaño de tipo

familiar, situadas en mercados municipais, galerías comerciais ou instalacións de venda propias.

Esta heteroxeneidade condicionou, sen dúbida, o funcionamento e as relacións dos axentes que operan ao longo da cadea alimentaria, evidenciando deficiencias que se viron agravadas no contexto da actual crise económica global. A volatilidade dos prezos percibidos polos produtores, o alto custo dos insumos e a inestabilidade dos mercados internacionais son factores conxunturais que minguaron a competitividade e rendibilidade do sector agroalimentario.

Unha análise da situación actual da cadea de valor evidencia a existencia de claras asimetrías no poder de negociación que poden derivar, e en ocasións derivan, nunha falta de transparencia na formación de prezos e en prácticas comerciais potencialmente desleais e con prácticas contrarias á competencia, que distorsionan o mercado e teñen un efecto negativo sobre a competitividade de todo o sector agroalimentario.

O funcionamento correcto da cadea alimentaria resulta indispensable para garantir un valor engadido sustentable para todos os operadores que contribúa a aumentar a súa competitividade global e reverta igualmente en beneficio dos consumidores. Por tanto, faise imprescindible atallar esta problemática desde unha perspectiva de conxunto que alcance todos os axentes que se interrelacionan ao longo da cadea alimentaria, de maneira que se garanta a unidade de mercado para que o sector agroalimentario se poida desenvolver plenamente e despreparar todo o seu potencial.

A garantía da unidade de mercado no ámbito da cadea alimentaria é un factor clave de competitividade que permitirá un maior aproveitamento das economías de escala, a división do traballo e a intensidade da competencia, o que reducirá os custos de produción, mellorará a produtividade e permitirá alcanzar maiores niveis de emprego e de benestar.

II

A sociedade española e europea, así como as institucións nacionais e comunitarias, non permaneceron alleas á situación que afecta todo o sector agroalimentario, derivada dos desequilibrios existentes entre os distintos elos da cadea.

Desde que a Comisión Europea publicou a súa «Comunicación sobre a mellora no funcionamento da cadea agroalimentaria» en 2009, multiplicáronse as iniciativas que foron afondando na análise e na identificación dos problemas reais que están afectando o seu desenvolvemento.

Ás diferentes iniciativas da Comisión sumáronse outras institucións comunitarias: os consellos de ministros de Competitividade e Agricultura, o Parlamento Europeo e o Comité Económico e Social, que, mediante declaracións, resolucións e informes, evidenciaron a gravidade e a extensión global deste problema, subliñando a necesidade de que os Estados adopten medidas para solucionar este problema social e económico.

A constitución do Foro de Alto Nivel sobre a Mellora do Funcionamento da Cadea Alimentaria, a finais de 2011, é o último paso dado pola Unión Europea para buscar solucións que permitan garantir unha maior transparencia dos prezos, mellorar a competencia, evitar o abuso de poder na negociación e contratación, prohibir a especulación e fomentar a autorregulación.

Paralelamente, en España, o Congreso dos Deputados levou a cabo varias iniciativas para instar o Goberno a promover políticas orientadas a conseguir que os operadores da cadea de valor, especialmente os agricultores e gandeiros, perciban a contraprestación suficiente e, en consecuencia, obteñan un beneficio adecuado á súa actividade. En cumprimento desta proposición impulsouse a creación, no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do Observatorio de Prezos dos Alimentos co fin de contribuir a dotar de maior transparencia os mercados.

Estes debates e análises da situación que afecta a cadea alimentaria tamén se estenderon a nivel interno na maioría dos Estados membros, onde se van implementado diversas medidas de variado alcance pero que comparten unha mesma finalidade.

O obxectivo común de todas estas iniciativas comunitarias e nacionais mencionadas nos parágrafos anteriores é lograr o equilibrio da cadea alimentaria e poder garantir unha competencia xusta, leal e efectiva mantendo un adecuado nivel de prezos e informando de forma adecuada os consumidores.

III

No marco exposto, esta lei ten como finalidade mellorar o funcionamento e a vertebración da cadea alimentaria de maneira que aumente a eficacia e competitividade do sector agroalimentario español e se reduza o desequilibrio nas relacións comerciais entre os diferentes operadores da cadea de valor, no marco dunha competencia xusta que redunde en beneficio no só do sector senón tamén dos consumidores.

Para o cumprimento deste obxectivo, a lei estrutúrase da seguinte maneira:

Un título I de «Disposicións xerais» que regula o obxecto e ámbito de aplicación da lei, os seus fins, algunhas definicións e a colaboración que deberá rexer as relacións das administracións públicas competentes no exercicio das actuacións que realicen no marco do disposto nesta lei.

O ámbito de aplicación da lei esténdese ás relacións comerciais entre todos os operadores que interveñen na cadea alimentaria desde a produción á distribución de alimentos ou produtos alimenticios.

Quedarán excluídas da aplicación desta lei as entregas de produto que realicen a cooperativas agroalimentarias ou entidades asociativas os seus socios.

Porén, serán tamén operacións comerciais suxeitas ao disposto nesta lei as que se realicen entre operadores da cadea agroalimentaria nos procesos de envasado, transformación ou almacenamento para a súa posterior comercialización, e, en todo caso, as compras dos animais vivos, os pensos e todas as materias primas e ingredientes utilizados para alimentación animal. Por tanto, non será de aplicación esta lei ás relacións comerciais que afecten os restantes insumos agroalimentarios.

Así mesmo, o ámbito de aplicación do capítulo I do título II desta lei circunscríbese ás relacións comerciais dos operadores que realicen transaccións comerciais, continuadas ou periódicas, cuxo prezo sexa superior a 2.500 euros, sempre que estes se encontren nalgunhas das seguintes situacións de desequilibrio:

- a) Que un dos operadores teña a condición de peme e o outro non.
- b) Que, nos casos de comercialización de produtos agrarios non transformados, perecedoiros e insumos alimentarios, un dos operadores teña a condición de produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro ou forestal ou unha agrupación deles e o outro non a teña.
- c) Que un dos operadores teña unha situación de dependencia económica respecto do outro operador, entendendo por tal dependencia que a facturación do produto daquel respecto deste sexa polo menos un 30% da facturación do produto do primeiro no ano precedente.

Finalmente, de acordo coa definición de cadea alimentaria que se inclúe no artigo 5, quedan excluídas do ámbito de aplicación da lei as actividades do transporte, así como as relacións comerciais coas empresas que operan na canle de hostalaría, tales como os puntos de venda ou establecementos retalistas como hotéis, restaurantes, bares e cafeterías.

Neste título é importante destacar o artigo 6, que está dedicado á colaboración entre as administracións públicas, que será determinante para garantir o adecuado cumprimento do contido desta lei e do principio de unidade de mercado.

Un título II cun capítulo I que regula os contratos alimentarios que se subscriban entre os operadores da cadea alimentaria. A novidade máis significativa, para garantir a seguridade xurídica e a equidade nas relacións comerciais, é o establecemento da obriga de formalizalos por escrito que afectará o contrato de subministración, o de compravenda

e o de integración. Así mesmo, establécese a obriga de incorporar expresamente nestes contratos escritos os seus elementos esenciais (identificación das partes, obxecto, prezo, condicións do pagamento, entrega de produtos, dereitos e obrigas, duración e causas e efectos da extinción) pactados libremente polas partes conforme os principios reitores desta lei. En ningún caso o requisito de forma exigido é de existencia e validez do contrato.

Por último, tamén se regulan as poxas electrónicas e a obriga de conservación de documentos polos operadores durante un período de dous anos para efectos dos controis que resulten pertinentes.

Coa regulación dos contratos alimentarios tamén se pretende conseguir unha maior transparencia (afioramento de economía somerxada) nas relacións comerciais do ámbito da cadea alimentaria.

No capítulo II regúlense as prácticas comerciais abusivas. Prohíbense as modificacións das condicións contractuais establecidas no contrato, salvo que se realicen por mutuo acordo das partes. Os contratos alimentarios deberán conter as correspondentes cláusulas nas cales se prevexa o procedemento para a súa posible modificación e, de ser o caso, para a determinación da súa eficacia retroactiva.

Polo que se refire aos chamados pagamentos comerciais, prohíbense todos os pagamentos adicionais máis alá do prezo pactado, salvo en dous supostos específicos e baixo condicións restritivas.

En relación coa información comercial sensible, non se lle poderá exixir a outro operador información sobre os seus produtos máis alá da que resulte xustificada no contexto da súa relación comercial. Ademais, a información obtida só se poderá destinar aos fins para os cales foi facilitada e respectarase a confidencialidade da información.

Finalmente, inclúese un precepto sobre xestión de marcas que establece a obriga dos operadores de xestionaren as marcas de produtos alimentarios que ofrezan ao consumidor, tanto as propias como as doutros operadores, evitando prácticas contrarias á libre competencia ou que constitúan actos de competencia desleal de acordo co previsto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, así como actos de publicidade ilícitos de conformidade coa Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

Así mesmo, prohíbese o aproveitamento indebido por parte dun operador e en beneficio propio da iniciativa empresarial allea, así como as que constitúan publicidade ilícita por reputarse desleal mediante a utilización, xa sexa nos envases, na presentación ou na publicidade do produto ou servizo de calquera elemento distintivo que provoque risco de asociación ou confusión cos doutro operador ou con marcas ou nomes comerciais doutro operador nos termos definidos na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, e sen prexuízo do disposto nos artigos 11 e 12 da Lei de competencia desleal.

No título III regula as boas prácticas na contratación alimentaria. O capítulo I céntrase na regulación do Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria que impulsaría o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, xunto co Ministerio de Economía e Competitividade, as comunidades autónomas e as organizacións e asociacións representativas da produción, a transformación, a industria ou distribución, cuxa adhesión será voluntaria polos operadores da cadea.

Para estes efectos, prevíuse crear un rexistro estatal, como instrumento público que agruparía todos aqueles operadores da cadea alimentaria que se adscriban ao código citado anteriormente.

Tamén se prevé que a inscrición dos operadores no Rexistro se teña en conta na normativa reguladora das axudas e subvencións que en relación coa alimentación e a cadea alimentaria promova o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Pola súa parte, no capítulo II prevese a posibilidade de que existan outros códigos de boas prácticas comerciais impulsados polos propios operadores da cadea, que tamén se poderían inscribir, así como os seus operadores, no Rexistro.

A seguir regúlase o título IV da lei, no cal se crea o Observatorio da Cadea Alimentaria como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio

Ambiente. Este novo órgano substitúe o Observatorio de Prezos dos Alimentos cuxa normativa de creación se derroga pola presente lei, para asumir novas funcións relacionadas co funcionamento da cadea alimentaria e continuar exercendo as relacionadas cos prezos dos alimentos.

Con carácter xeral, serán funcións do Observatorio da Cadea Alimentaria o seguimento, asesoramento, consulta, información e estudo do funcionamento da cadea alimentaria e dos prezos dos alimentos. Así mesmo, emitirá informe sobre a proposta de Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria regulado nesta lei, facilitará o seu coñecemento entre os operadores da cadea e promoverá a súa adhesión e coñecerá dos resultados da súa aplicación para, de ser o caso, propor as medidas de mellora ou actualización que sexan necesarias. Finalmente, tamén poderá dar traslado á autoridade competente daqueles incumprimentos da lei que detectase no exercicio das súas funcións.

A súa composición e funcionamento desenvolveranse regulamentariamente.

O título V regula a potestade sancionadora que se aplicará polo incumprimento do disposto nesta lei, tipifica as infraccións e sancións e delimita as autoridades competentes ás cales en cada caso corresponda exercer a dita potestade.

Cabe destacar, en relación coa responsabilidade por incumprimento da obriga de formalizar por escrito os contratos, que se incluíu a presunción, que admite proba en contrario, da autoría dos operadores que se encontran en posición de maior forza económica na relación contractual polas infraccións de incumprimento das obrigas de formalizar por escrito os contratos e de non inclusión dos aspectos que, como mínimo, deben conter.

Así mesmo, para garantir unha aplicación homoxénea en todo o territorio do Estado do réxime sancionador previsto nesta lei, prevese que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente promova, a través da conferencia sectorial que corresponda por razón da materia, a elaboración e aprobación dunhas directrices comúns.

No título VI inclúense medidas para mellorar a vertebración da cadea alimentaria mediante o fomento da integración e outras medidas que axuden a mellorar a competitividade dos seus operadores.

Así mesmo, inclúense catro disposicións adicionais.

A disposición adicional primeira procede á modificación do organismo autónomo Axencia para o Aceite de Oliva, que pasará a denominarse Axencia de Información e Control Alimentarios, que asume, ademais das funcións que viña exercendo, aquelas novas relacionadas co control do cumprimento do disposto nesta lei.

A disposición adicional segunda regula os laboratorios agroalimentarios para o control oficial dependentes funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e establece a taxa que se poderá exixir pola prestación dos seus servizos.

A disposición adicional terceira sinala expresamente que o disposto nesta lei se efectuará cos medios materiais e persoais destinados ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e aos seus organismos dependentes, sen que supoña incremento neto de gasto, en especial, en relación cos gastos de persoal.

Inclúense tamén dúas disposicións derradeiras de modificación normativa.

A disposición derradeira primeira procede á reforma da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias. Coa nova redacción quedan solucionados os problemas recentes do impagamento da extensión de norma de interprofesionais de ámbito rexional e de figuras de calidade. Tamén se inclúen novas funcións (entre elas a posibilidade de facer previsións estatísticas, regulación de oferta e negociación colectiva de prezos) que deberán, en todo caso, someterse ao previsto na normativa de competencia nacional e comunitaria. Finalmente, actualiza o sistema de infraccións e sancións.

Polo que se refire á disposición derradeira segunda, modifica a Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos-tipo de produtos agroalimentarios. Esta modificación responde á necesidade de mellorar estes instrumentos esenciais na construción dun sector agroalimentario competitivo, eficaz e transparente. Por este motivo, cómpre

actualizar o réxime de contratos-tipo no ámbito agroalimentario para dotar dunha maior estabilidade os mercados, adaptando as producións en cantidade e calidade ás demandas dos mercados exterior e interior e mellorando a transparencia e a competencia do mercado.

As principais modificacións ao texto desta lei refírense á posibilidade de ter en conta, de ser o caso, á hora de fixar o prezo, indicadores de prezos ou custos, sendo, en calquera caso, o prezo que se vai percibir, así como os indicadores que se apliquen, libremente fixados entre as partes. Estes indicadores deberán ser obxectivos, transparentes e verificables e non manipulables, e fixaranse tendo en conta a normativa sobre competencia. Así mesmo, procédese a actualizar as infraccións e sancións aplicables por incumprimento do disposto na lei.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer medidas de mellora do funcionamento da cadea alimentaria para a consecución dos fins establecidos no artigo 3.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é de aplicación ás relacións comerciais que se produzan entre os operadores que interveñen na cadea alimentaria desde a produción á distribución de alimentos ou produtos alimenticios.

Para os efectos desta lei, non terán a consideración de relacións comerciais e, por tanto, quedan excluídas do seu ámbito de aplicación, as entregas de produto que realicen a cooperativas agrarias e outras entidades asociativas os seus socios, sempre que, en virtude dos seus estatutos, estean obrigados á súa realización.

2. Serán tamén operacións comerciais, ademais das previstas no punto anterior, as que se realicen entre operadores da cadea agroalimentaria nos procesos de envasado, transformación ou almacenamento para a súa posterior comercialización e, en todo caso, as compras de animais vivos, os pensos e todas as materias primas e ingredientes utilizados para alimentación animal.

3. O ámbito de aplicación do capítulo I do título II desta lei circunscríbese ás relacións comerciais dos operadores que realicen transaccións comerciais cuxo prezo sexa superior a 2.500 euros, sempre que estes se encontren nalgunhas das seguintes situacións de desequilibrio:

- a) Que un dos operadores teña a condición de peme e o outro non.
- b) Que, nos casos de comercialización de produtos agrarios non transformados, perecedoiros e insumos alimentarios, un dos operadores teña a condición de produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro ou forestal ou unha agrupación deles e o outro non a teña.
- c) Que un dos operadores teña unha situación de dependencia económica respecto do outro operador, entendendo por tal dependencia que a facturación do produto daquel respecto deste sexa polo menos un 30% da facturación do produto do primeiro no ano precedente.

4. Será obrigatoria a existencia dun contrato formalizado por escrito no caso das operacións de compravenda a futuro ou con prezo diferido, excepto naqueles casos en que, con carácter previo, se poida considerar que o prezo do contrato será en todo caso inferior a 2.500 euros.

Artigo 3. *Fins.*

Son fins da lei:

a) Aumentar, en beneficio da sociedade e dos consumidores, a eficacia e a competitividade do sector alimentario globalmente considerado, así como fomentar a creación ou a mellora do emprego, dada a súa importancia para o conxunto da sociedade, o medio rural e a economía nacional.

b) Mellorar o funcionamento e a vertebración da cadea alimentaria, en beneficio tanto dos consumidores como dos operadores que interveñen nela, e garantir ao mesmo tempo unha distribución sustentable do valor engadido, ao longo dos sectores que a integran.

c) Favorecer a introdución da innovación e das tecnoloxías da información e comunicación na cadea e no desenvolvemento de novas canles de distribución dos produtos alimentarios.

d) Conseguir un maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores, mellorando o acceso á información e rastrexabilidade da cadea alimentaria, regulando as prácticas comerciais e promovendo códigos de boas prácticas comerciais entre os operadores.

e) Fortalecer o sector produtor e potenciar as actividades das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

f) Mellorar a competitividade, eficiencia e capacidade de innovación da produción agraria, a industria e a transformación alimentaria.

g) Favorecer o desenvolvemento das tarefas que corresponden ás empresas da distribución, nun marco de competitividade e de respecto ás normas de competencia.

h) Contribuír a garantir os dereitos do consumidor no que respecta á mellora dunha información completa e eficaz sobre os alimentos e a súa calidade, á transparencia no funcionamento da cadea de subministración, así como á dispoñibilidade de alimentos suficientes e de calidade.

i) Garantir a unidade de mercado para a mellora da competitividade da cadea alimentaria.

j) Favorecer a xeneralización da cultura da sustentabilidade na cadea alimentaria como factor de compromiso social empresarial, de incremento da competitividade e de contribución á mellora da calidade da produción agroalimentaria.

Artigo 4. *Principios reitores.*

As relacións comerciais suxeitas a esta lei rexeranse polos principios de equilibrio e xusta reciprocidade entre as partes, liberdade de pactos, boa fe, interese mutuo, equitativa distribución de riscos e responsabilidades, cooperación, transparencia e respecto á libre competencia no mercado.

Artigo 5. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, establécense as seguintes definicións:

a) Cadea alimentaria: é o conxunto de actividades que levan a cabo os distintos operadores que interveñen na produción, transformación e distribución de alimentos ou produtos alimenticios, excluindo as actividades de transporte e da hostalaría e a restauración.

b) Sector alimentario: o conxunto dos sectores produtivos agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, así como os de transformación e distribución dos seus produtos.

c) Operador: a persoa física ou xurídica do sector alimentario, incluíndo unha agrupación, central ou empresa conxunta de compra ou de venda, que realiza algunha actividade económica no ámbito da cadea alimentaria. Os consumidores finais non terán a condición de operadores da cadea alimentaria.

d) Produtor primario: persoa física ou xurídica cuxa actividade principal a exerce na produción agrícola, gandeira, forestal ou na pesca.

e) Alimento ou produto alimenticio: calquera substancia ou produto destinado a ser ingerido polos seres humanos ou con probabilidade razoable de selo, tanto se foron transformados enteira ou parcialmente como se non. Inclúe as bebidas, a goma de mascar e calquera substancia, incluída a auga, incorporada voluntariamente ao alimento durante a súa fabricación, preparación ou tratamento.

f) Contrato alimentario: aquel en que unha das partes se obriga fronte á outra á venda de produtos alimentarios ou alimenticios e insumos alimentarios antes citados, por un prezo certo, ben se trate dunha compravenda ou dunha subministración de forma continuada. Exceptúanse aqueles que teñan lugar con consumidores finais.

g) Contrato de integración: é aquela modalidade de contrato alimentario en que unha das partes, denominada integrador, se obriga fronte á outra parte, denominada integrado, a proporcionar todos ou parte dos produtos, materias primas e insumos necesarios para a produción obxecto do contrato, así como, de ser o caso, a exercer a dirección técnica e a facerse cargo da produción ao concluír o ciclo produtivo. Pola súa parte, o integrado está obrigado fronte ao integrador a achegar os terreos, os espazos e as instalacións, así como os medios e servizos complementarios que resulten necesarios para completar a produción e, unha vez obtida esta, á súa entrega ao integrador.

h) Información comercial sensible: é aquel conxunto de coñecementos técnicos que non son de dominio público, que están referidos á natureza, características ou finalidades dun produto, aos métodos ou procesos para a súa produción, ou aos medios ou formas para a súa distribución ou comercialización, e cuxo coñecemento é necesario para a fabricación ou comercialización do produto.

i) Rastrexabilidade previsible: as etapas de produción, transformación e distribución dun alimento ou produto alimenticio que entran dentro das previsións normais.

Artigo 6. *Colaboración entre administracións públicas.*

1. As distintas administracións públicas competentes axustarán as actuacións que desenvolvan no marco do previsto nesta lei aos principios de información mutua, de cooperación e de colaboración.

2. Así mesmo, as administracións públicas competentes garantirán, na aplicación desta lei, o cumprimento da normativa vixente sobre garantía da unidade de mercado e para iso adoptarán as medidas normativas, de cooperación e de colaboración que resulten precisas no exercicio das súas competencias propias.

3. Cando un operador considere que existe unha actuación no ámbito de aplicación desta lei que poida ser contraria ao principio de unidade de mercado, poderá utilizar os mecanismos de protección e, de ser o caso, de impugnación, previstos na lexislación vixente en materia de garantía da unidade de mercado.

Artigo 7. *Defensa da competencia.*

O contido das relacións reguladas pola presente lei, así como a aplicabilidade dos principios reitores na execución e interpretación de tales relacións, quedará sometido á normativa de defensa da competencia, sen prexuízo do disposto na normativa comunitaria.

TÍTULO II

Réxime de contratación e prácticas comerciais abusivas

CAPÍTULO I

Contratos alimentarios*Artigo 8. Formalización dos contratos alimentarios.*

1. Os contratos alimentarios deberán formalizarse por escrito. A dita formalización deberá realizarse antes do inicio das prestacións que teñan a súa orixe neles.
2. En ningún caso o requisito de forma exixido é o de existencia e validez do contrato.
3. Non obstante, nas relacións entre operadores da cadea alimentaria, cando o pagamento do prezo se realice ao contado contra a entrega dos produtos alimentarios, non será necesario subscribir un contrato alimentario e as partes terán a obriga de identificarse como operadores e documentar as ditas relacións comerciais mediante a expedición da correspondente factura cos requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Artigo 9. Condicións contractuais.

1. Os contratos alimentarios regulados neste capítulo conterán, como mínimo, as seguintes cuestións:
 - a) Identificación das partes contratantes.
 - b) Obxecto do contrato.
 - c) Prezo do contrato, con expresa indicación de todos os pagamentos, incluídos os descontos aplicables, que se determinará en contía fixa ou variable. Neste último caso, determinarase en función unicamente de factores obxectivos, verificables, non manipulables e expresamente establecidos no contrato, tales como a evolución da situación do mercado, o volume entregado e a calidade ou composición do produto, entre outros.
 - d) Condicións de pagamento.
 - e) Condicións de entrega e posta á disposición dos produtos.
 - f) Dereitos e obrigas das partes contratantes.
 - g) Información que se deben suministrar as partes, de acordo co disposto no artigo 13 desta lei.
 - h) Duración do contrato, así como as súas condicións de renovación e modificación.
 - i) Causas, formalización e efectos da extinción do contrato.

2. O contido e alcance dos termos e condicións do contrato serán libremente pactados polas partes, tendo en conta os principios reitores recollidos no artigo 4 desta lei.

Artigo 10. Realización de poxas electrónicas.

1. Os operadores da cadea alimentaria poderán celebrar ofertas públicas de contratación para a compra ou venda de produtos alimentarios, nos termos establecidos polas normas sobre a sociedade da información entre os seus participantes.

A organización de poxas electrónicas someterase aos principios de transparencia, libre acceso e non discriminación.
2. Os organizadores das poxas farán públicas as condicións xerais de acceso a ela, os posibles custos de participación e os mecanismos de adxudicación.
3. Os organizadores de cada poxa farán pública, tras a adxudicación, a razón social do adxudicatario. Existirá a obriga de compra ou venda por parte do organizador e de

venda ou compra por parte do que resulte adxudicatario da totalidade do produto adxudicado, segundo as condicións xerais de acceso e salvo que exista no prego de condicións a mención a un prezo de reserva, por debaixo do cal non se realizaría a compra ou venda.

Artigo 11. *Obriga de conservación de documentos.*

1. Os operadores da cadea alimentaria deberán conservar toda a correspondencia, documentación e xustificantes, en soporte electrónico ou en papel, relacionados cos contratos alimentarios que celebren no marco do disposto nesta lei, durante un período de dous anos.

2. Os organizadores de poxas electrónicas quedarán obrigados a manter durante dous anos un arquivo documental ou electrónico de todas as poxas realizadas, que inclúa información sobre a identidade dos concursantes, as súas ofertas e a formalización do contrato alimentario.

CAPÍTULO II

Prácticas comerciais abusivas

Artigo 12. *Modificacións unilaterais e pagamentos comerciais non previstos.*

1. Prohíbense as modificacións das condicións contractuais establecidas no contrato, salvo que se realicen por mutuo acordo das partes. Os contratos alimentarios deberán conter as correspondentes cláusulas nas cales se prevexa o procedemento para a súa posible modificación e, de ser o caso, para a determinación da súa eficacia retroactiva.

2. Prohíbense os pagamentos adicionais, sobre o prezo pactado, salvo que se refiran ao risco razoable de referenciación dun novo produto ou ao financiamento parcial dunha promoción comercial dun produto reflectido no prezo unitario de venda ao público e que fosen pactados e incluídos expresamente no correspondente contrato formalizado por escrito, xunto coa descrición das contraprestacións a que os ditos pagamentos estean asociados.

3. O contrato deberá establecer os mecanismos de devolución dos pagamentos anteriores que fosen aboados, cando as contraprestacións ou as actividades de promoción ou análogas vinculadas a eles non se executasen nos prazos e nas condicións pactados.

Artigo 13. *Subministración de información comercial sensible.*

1. Nos contratos alimentarios deberá concretarse por escrito a información que as partes se deban subministrar para o efectivo cumprimento das súas respectivas obrigas contractuais, así como o prazo de entrega da dita información, que en todo caso deberá ser proporcionada e estar xustificada en razóns obxectivas relacionadas co obxecto do contrato, sen prexuízo da aplicación das normas en materia de defensa da competencia.

2. En ningún caso un operador poderá exixir a outro operador da cadea información comercial sensible sobre os seus produtos, nin tampouco os documentos que permitan verificar esa información, salvo que así conste no contrato escrito de acordo co disposto no punto anterior.

3. A información comercialmente sensible que se obteña no proceso de negociación ou execución dun contrato alimentario destinarase exclusivamente aos fins para os cales lle foi facilitada e respectarase en todo momento a confidencialidade da información transmitida ou almacenada.

4. Os operadores non poderán exixirse nin desvelar información comercial sensible sobre outros operadores e, en particular, documentos que permitan verificar a dita información comercial.

Artigo 14. *Xestión de marcas.*

1. Os operadores xestionarán as marcas de produtos alimentarios que lle ofrezan ao consumidor, tanto as propias como doutros operadores, e evitarán prácticas contrarias á libre competencia ou que constitúan actos de competencia desleal de acordo co previsto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, así como actos de publicidade ilícitos de conformidade coa Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

2. Prohíbese o aproveitamento indebido por parte dun operador e en beneficio propio da iniciativa empresarial allea, así como as que constitúan publicidade ilícita por reputarse desleal mediante a utilización, xa sexa nos envases, na presentación ou na publicidade do produto ou servizo de calquera elemento distintivo que provoque risco de asociación ou confusión cos doutro operador ou con marcas ou nomes comerciais doutro operador nos termos definidos na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, e sen prexuízo do disposto nos artigos 11 e 12 da Lei de competencia desleal.

TÍTULO III

Boas prácticas na contratación alimentaria

CAPÍTULO I

Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria

Artigo 15. *Finalidade, alcance e elaboración.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as organizacións e asociacións de ámbito superior ao dunha comunidade autónoma, representativas dos operadores da produción, a industria ou a distribución, acordarán un código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria. Así mesmo, participarán no citado acordo o Ministerio de Economía e Competitividade e as comunidades autónomas co obxectivo de promover un código de aplicación uniforme en todo o territorio do Estado.

2. O código establecerá os principios sobre os cales se deberán fundamentar as relacións comerciais entre os diferentes operadores que interveñen na cadea, co obxecto de facilitar o desenvolvemento das súas relacións contractuais, a observancia das mellores prácticas no desenvolvemento das ditas relacións e a súa adecuación ás normas e principios recollidos no artigo 4 desta lei.

Así mesmo, o código detallará as prácticas mercantís que fomenten relacións xustas, equilibradas e leais entre os operadores da cadea alimentaria.

3. A adhesión ao código de boas prácticas mercantís será voluntaria por parte dos operadores dos distintos ámbitos da cadea alimentaria mencionados no número 1 deste artigo.

4. Desde a adhesión ao código, os operadores estarán obrigados a que as súas relacións comerciais se axusten aos principios e regras que nel se conteñan e á utilización dos sistemas de resolución de conflitos que poidan xurdir nas ditas relacións, seguindo os procedementos que nel se establezan.

Artigo 16. *Contido.*

1. O Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria conterá o conxunto de principios mencionados no número 2 do artigo 15 e, en particular, a obriga dos operadores que se adhiran voluntariamente ao código de someter a resolución dos problemas que poidan xurdir nas súas relacións con outros operadores ao sistema de resolución de conflitos que fose designado expresamente nel.

Así mesmo, incluírá a obriga dos operadores de facer constar en todos os contratos que subscriban no ámbito das súas relacións comerciais o citado compromiso de someter a resolución dos seus conflitos ao sistema que fose establecido no código para tal efecto.

En todo caso, os operadores da cadea alimentaria que decidan adherirse ao código comprométese a achegar a información que se requira para analizar o conflito suscitado.

Ademais, para cando non houber acordo entre as organizacións de produtores e os compradores no prezo dos contratos alimentarios que teñan por obxecto produtos agrarios non transformados, na súa primeira venda, o código incluírá a facultade de que calquera das partes poida solicitar unha mediación. A mediación realizarase nos termos, e nas condicións e cos efectos que regulamentariamente se establezan, e garantirase en todo caso un procedemento neutral, imparcial e onde as partes interveñan con plena igualdade de oportunidades. O contido da dita mediación non terá carácter vinculante para as partes salvo que así expresamente o acordasen con carácter previo a ela.

2. O código poderá conter, en caso de que se considere necesario, acordos específicos, de ámbito sectorial, con obxecto de poder recoller con maior precisión os aspectos propios daqueles sectores que o requiran.

3. Con obxecto de manter actualizado o contido do código, establecerase nel a constitución dunha comisión de seguimento, integrada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Ministerio de Economía e Competitividade e representantes das organizacións e asociacións representativas dos diferentes operadores da cadea alimentaria.

Para este fin, a comisión ocuparase de analizar os resultados obtidos na aplicación do código e de propor, de ser o caso, as modificacións que se deben introducir para a súa adaptación á realidade do momento ou a introdución de novos compromisos non establecidos anteriormente.

4. O contido do código respectará, en todo caso, a normativa de defensa da competencia e a este daráselle unha publicidade suficiente para o seu debido coñecemento polo conxunto de operadores implicados.

Artigo 17. *Rexistro Estatal.*

1. Créase no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria como instrumento público que agrupará todos aqueles operadores que tendo intervido na cadea alimentaria, se adhiran voluntariamente ao código a que fai referencia o artigo 15.

2. Os operadores que se adhiran voluntariamente ao código deberán comunicalo á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que procederá á súa inscrición.

Unha vez inscritos, os operadores poderán utilizar a mención de «acollido ao Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria».

3. Periodicamente darase publicidade dos operadores que figuren inscritos no Rexistro na sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e no *Boletín Oficial del Estado*.

Así mesmo, este ministerio realizará periodicamente campañas de promoción estatal para dar a coñecer aos consumidores a importancia e significación da sinatura do código por parte dos distintos operadores da cadea agroalimentaria que o subscriban.

4. Regulamentariamente regularase o procedemento para a cancelación da inscrición no Rexistro.

5. A inscrición dos operadores no Rexistro terase en conta na normativa reguladora das axudas e subvencións que en relación coa alimentación e a cadea alimentaria promova o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

CAPÍTULO II

Outros códigos de boas prácticas mercantís

Artigo 18. *Subscrición e promoción doutros códigos.*

1. Non obstante o disposto nos artigos anteriores deste título, os operadores da cadea alimentaria poderán subscribir outros códigos de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria con maior nivel de exixencia para os operadores que os subscriban que o establecido no Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria. Así mesmo, as entidades representativas dos intereses da cadea alimentaria poderán promover a elaboración deste tipo de códigos para empresas que operen exclusiva ou principalmente no seu ámbito territorial. En ambos os casos, os ditos códigos deberán respectar o disposto nos títulos I e II desta lei, así como no resto do ordenamento xurídico, especialmente na normativa de defensa da competencia.

2. Regulamentariamente estableceranse o procedemento e os requisitos que deberán reunir estes outros códigos de boas prácticas, de ámbito nacional ou suprarrexional, para que poidan ser incluídos no Rexistro Estatal creado en virtude do artigo 17. Tamén se incluírán os operadores que subscriban estes códigos.

TÍTULO IV

Observatorio da Cadea Alimentaria

Artigo 19. *Creación.*

Créase o Observatorio da Cadea Alimentaria como órgano colexiado, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Departamento.

Artigo 20. *Funcións.*

1. Con carácter xeral, serán funcións do Observatorio da Cadea Alimentaria o seguimento, asesoramento, consulta, información e estudo do funcionamento da cadea alimentaria e dos prezos de os alimentos.

Ademais das anteriores, o Observatorio terá as funcións seguintes:

- a) Emitir informe sobre a proposta de código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria regulado nesta lei.
- b) Emitir informe sobre as propostas doutros códigos de boas prácticas mercantís, que se presenten para a súa incorporación ao Rexistro Estatal.
- c) Coñecer o resultado dos traballos realizados pola comisión de seguimento do código, a que se fai referencia no número 3 do artigo 16, e proporlle a esta aquelas cuestións que se consideren de interese para a mellora e actualización dos compromisos recollidos no código.
- d) Facilitar o coñecemento do código entre os operadores da cadea e promover a súa adhesión a este.
- e) Levar a cabo o seguimento e a avaliación das prácticas comerciais empregadas polos operadores da cadea, mediante a realización de enquisas ou doutros sistemas de análise do mercado, así como da publicación de informes e recomendacións.

No caso de que se detecten incumprimentos do establecido na lei, como consecuencia do resultado dos traballos realizados, dará traslado á autoridade competente. Así mesmo, realizará informes e estudos explicativos, de ser o caso, das situacións de desequilibrio producidas nos mercados de orixe e destino dos alimentos considerados, analizando especialmente os diversos factores que contribúen á formación dos prezos dos produtos estacionais.

f) Analizar a estrutura básica dos prezos e os factores causantes da súa evolución, nos alimentos de maior importancia relativa na produción e o consumo, nos distintos chanzos da súa formación.

g) Fomentar a adopción de boas prácticas e sistemas áxiles de resolución de conflitos na negociación dos contratos relacionados coa primeira compra de produtos perecedoiros.

h) Realizar estudos de carácter regular, encamiñados a establecer un seguimento sistemático da formación dos prezos finais dos alimentos.

i) Favorecer o diálogo e a intercomunicación entre os representantes do sector produtor, a industria, a distribución comercial e os consumidores, entre si e coas administracións públicas, para dotar da maior racionalidade e transparencia posibles o proceso de formación de prezos dos alimentos, compatible co marco da economía de mercado, nun sistema de apertura á competencia, en beneficio da sociedade no seu conxunto.

j) Elaborar propostas de actuación das administracións competentes e recomendacións aos diversos axentes económicos intervinientes, empresas e institucións públicas ou privadas tendentes a manter a necesaria estabilidade nun marco de desenvolvemento aberto á competencia e equilibrio nos prezos dos alimentos, compatible co dereito comunitario.

k) Elaborar os informes sobre prezos dos alimentos que lle sexan demandados polos ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e de Economía e Competitividade.

l) Analizar e estudar de forma continuada a estrutura básica dos custos e de prezos percibidos e pagados, así como os factores causantes da súa evolución, nos produtos de maior importancia estratéxica para o sector agroalimentario español.

2. Anualmente o Observatorio da Cadea Alimentaria elaborará un informe de avaliación dos avances rexistrados e dos resultados logrados na mellora do funcionamento da cadea alimentaria e da eficacia das actuacións desenvolvidas, que será remitido ás Cortes Xerais.

Artigo 21. *Composición e funcionamento.*

A composición, funcionamento e, de ser o caso, supresión do Observatorio da Cadea Alimentaria determinaranse regulamentariamente asegurando na súa composición a inclusión das organizacións e asociacións máis representativas da cadea alimentaria desde o produtor ata o consumidor final.

TÍTULO V

Potestade sancionadora

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 22. *Principios xerais.*

1. Para os efectos desta lei, considéranse infraccións administrativas leves, graves e moi graves as que se tipifican nos artigos seguintes.

2. A instrución de causa penal ante os tribunais de xustiza ou a incoación de expediente de infracción das normas de defensa da competencia suspenderá a tramitación do expediente administrativo sancionador que fose incoado polos mesmos feitos.

3. Serán de aplicación ás infraccións recollidas nesta lei as regras e principios sancionadores contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. En ningún caso se poderán impor dúas ou máis sancións polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses públicos protexidos, ben que se deberán exixir as demais responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concurrentes.

5. As persoas de calquera natureza xurídica que dispoñan ou teñan a obriga de dispor de información ou documentación que puider contribuir ao esclarecemento da comisión das infraccións tipificadas nesta lei ou á determinación do alcance da súa gravidade, teñen o deber de colaborar coas autoridades competentes en materia de ordenación do comercio. Para tal efecto, dentro dos prazos establecidos, facilitarán a información e os documentos que lles sexan requiridos pola autoridade competente no exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO II

Infraccións e sancións

Artigo 23. *Infraccións en materia de contratación alimentaria.*

1. Son infraccións leves en materia de contratación alimentaria as seguintes:

- a) Non formalizar por escrito os contratos alimentarios a que se refire esta lei.
- b) Non incluír os aspectos que, como mínimo, deben conter os contratos alimentarios.
- c) Non cumprir as condicións e os requisitos establecidos para a realización de poxas electrónicas.
- d) Incumprir as obrigas de conservación de documentos.
- e) Realizar modificacións das condicións contractuais que non estean expresamente pactadas polas partes.
- f) Exixir pagamentos adicionais, sobre o prezo pactado no contrato, salvo nos supostos previstos nesta lei.
- g) Exixir ou revelar información comercial sensible doutros operadores, que fose obtida no proceso de negociación ou execución dun contrato alimentario, incumprindo o deber de confidencialidade, así como utilizar esa información para fins distintos aos expresamente pactados no contrato.
- h) Incumprir a obriga de subministrar a información que lle sexa requirida pola autoridade competente no exercicio das súas funcións.

2. Considéranse infraccións graves a reincidencia pola comisión de dúas ou máis infraccións leves no prazo de dous anos contados desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da primeira delas.

Así mesmo, considérase infracción grave o incumprimento dos prazos de pagamento nas operacións comerciais de produtos alimentarios ou alimenticios, conforme o establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

3. Considéranse infraccións moi graves a reincidencia pola comisión de dúas ou máis infraccións graves no prazo de dous anos contados desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da primeira delas.

4. Presúmese, salvo proba en contrario, que son autores das infraccións tipificadas nas alíneas a) e b) do número 1 deste artigo os operadores que non teñan a condición de peme, os que non teñan a condición de produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro ou forestal ou agrupación destes, e os operadores respecto dos cales o outro operador que intervéñ na relación se encontre en situación de dependencia económica, cando calquera deles se relacione con outros operadores que teñan a condición de peme ou de produtor primario ou agrupación destes, ou se encontre en situación de dependencia económica.

5. Cando, como consecuencia do incumprimento das obrigas contidas nesta lei, se afecte a competencia efectiva dos mercados, resultarán de aplicación as disposicións contidas na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 24. Sancións.

1. As infraccións en materia de contratación alimentaria previstas nesta norma serán sancionadas con multas de acordo coa seguinte gradación:

- a) Infraccións leves, ata 3.000 euros.
- b) Infraccións graves, entre 3.001 euros e 100.000 euros.
- c) Infraccións moi graves, entre 100.001 e 1.000.000 euros.

2. A Administración pública competente para a imposición da sanción principal poderá acordar, como sanción accesoria, a publicidade das sancións impostas por infraccións moi graves que adquirisen firmeza en vía xudicial, así como os nomes, apelidos, denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole e natureza das infraccións.

Artigo 25. Gradación das sancións.

As sancións graduaranse especialmente en función do grao de intencionalidade ou a natureza do prexuízo causado.

Artigo 26. Competencia.

1. Corresponde á Administración xeral do Estado exercer a potestade sancionadora prevista nesta lei, nos supostos seguintes:

- a) Cando as partes contratantes teñan as súas respectivas sedes sociais principais en diferentes comunidades autónomas.
- b) Cando o contrato afecte un ámbito superior ao dunha comunidade autónoma en razón da rastrexabilidade previsible da maior parte do alimento ou produto alimentario obxecto do contrato.

2. Corresponderá aos órganos competentes das comunidades autónomas exercer a potestade sancionadora prevista nesta lei, nos restantes supostos.

3. Serán competentes para a imposición das sancións en materia de contratación alimentaria no ámbito da Administración xeral do Estado os seguintes órganos:

- a) O director xeral da Industria Alimentaria, cando a contía total da sanción proposta polo instructor do expediente non supere os 100.000 euros.
- b) O secretario xeral de Agricultura e Alimentación, cando a dita contía exceda os 100.000 euros e non supere os 300.000 euros.
- c) O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando a dita contía exceda os 300.000 euros e non supere os 600.000 euros.
- d) O Consello de Ministros, cando a dita contía exceda os 600.000 euros.

4. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente promoverá, a través da conferencia sectorial que corresponda por razón da materia, a elaboración e aprobación dunhas directrices que garantan a aplicación uniforme do réxime sancionador en todo o territorio do Estado.

TÍTULO VI

Mellora da vertebración da cadea alimentaria

Artigo 27. *Fomento da integración e potenciación do desenvolvemento da cadea de valor.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, cos requisitos e condicións que se establezan regulamentariamente, traballará conxuntamente coas comunidades autónomas para fomentar unha maior integración dos operadores que interveñen na cadea alimentaria, con obxecto de facilitar unha maior eficiencia e rendibilidade nos distintos sectores que a integran.

2. En colaboración con outros departamentos e coas organizacións do sector produtor implicados e as comunidades autónomas, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente traballará para identificar e favorecer o desenvolvemento e implantación de novas canles de comercialización interior e exterior de alimentos ou produtos alimentarios, que permitan xerar maior eficiencia nas operacións da cadea de valor. Favoreceranse as iniciativas que faciliten a introdución da innovación e as tecnoloxías da información e comunicación na cadea, así como as encamiñadas ao desenvolvemento das canles curtas de comercialización, que permitan unha maior repercusión do valor engadido nos produtores e elaboradores.

3. Así mesmo, para conseguir a mellora da competitividade da produción agraria, apoiarse o desenvolvemento de medidas e programas de fomento da calidade, de mellora da eficiencia loxística e de fomento da innovación e utilización das novas tecnoloxías.

4. Fomentarase a participación das asociacións de consumidores nas accións previstas neste artigo.

Disposición adicional primeira. *A Axencia de Información e Control Alimentarios.*

1. Créase a Axencia de Información e Control Alimentarios, con natureza de organismo autónomo, de acordo co previsto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídico-pública diferenciada e plena capacidade de obrar, que se rexerá polo disposto nesta lei e nas demais normas de aplicación.

A Axencia de Información e Control Alimentarios substitúe, no exercicio das súas funcións, a Axencia para o Aceite de Oliva. En consecuencia, as mencións que a normativa vixente fai á Axencia para o Aceite de Oliva entenderanse feitas á Axencia de Información e Control Alimentarios. Así mesmo, a Axencia de Información e Control Alimentarios subrogarase en todos os convenios, dereitos, obrigas e demais negocios xurídicos relativos ou subscritos pola Axencia para o Aceite de Oliva.

2. A Axencia de Información e Control Alimentarios adscríbese, a través da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a quen corresponde a súa dirección estratéxica e a avaliación e o control dos resultados da súa actividade.

3. Á Axencia, dentro da esfera das súas competencias, correspóndenlle exercer as potestades administrativas para o cumprimento dos seus fins de acordo coa lexislación aplicable.

4. No exercicio das súas funcións públicas, a Axencia actuará de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Os fins xerais da Axencia serán a xestión dos sistemas de información e control dos mercados oleícolas, lácteos e a daqueles outros que regulamentariamente se determinen, así como o control do cumprimento do disposto nesta lei para a mellora do funcionamento da cadea alimentaria.

6. Para o cumprimento dos fins fixados no punto anterior, a Axencia desenvolverá as seguintes funcións:

a) Xestionar e manter os sistemas de información, seguimento e análise dos mercados oleícolas (aceites de oliva e olivas de mesa) e lácteos e a análise e difusión dos seus resultados. Para os sectores ou mercados alimentarios que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente considere especialmente sensibles e/ou estratéxicos crearase un sistema de información, seguimento e análise específico.

b) Establecer e desenvolver o réxime de control necesario para comprobar o cumprimento das obrigas por parte dos operadores dos sectores ou mercados a que se refire a letra precedente, para asegurar a veracidade e integridade dos datos que se incorporan aos sistemas de información de mercados e para determinar a orixe, destino e características das materias primas e dos produtos, mesmo mediante a correspondente toma de mostras e determinacións analíticas, en calquera fase da cadea; así como o seguimento e control da aplicación ou destrución final dos subprodutos que non teñan uso alimentario.

c) Trasladar ás autoridades competentes os feitos sobre presuntos incumprimentos detectados nas actuacións de control recollidas na letra anterior, xunto coa documentación necesaria sobre os feitos constatados e a súa valoración técnica e xurídica.

d) Iniciar e instruír, de acordo co seu propio réxime, os expedientes sancionadores por incumprimentos no pagamento das achegas obrigatorias ás organizacións interprofesionais ou de produtores, recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nos produtos ou sectores a que se refire a alínea a), e formular ás autoridades competentes as propostas de resolución que correspondan.

e) Establecer e desenvolver o réxime de control necesario para comprobar o cumprimento do disposto nesta lei para mellorar o funcionamento da cadea.

f) Realizar as comprobacións que corresponda das denuncias por incumprimentos do disposto nesta lei que lles sexan presentadas e instruír o correspondente procedemento sancionador para formular a proposta de resolución que proceda á autoridade competente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ou trasladalas á Comisión Nacional da Competencia xunto coas actuacións realizadas.

g) Iniciar de oficio o procedemento sancionador que corresponda polas irregularidades que constate no exercicio das súas funcións que supoñan incumprimentos do disposto nesta lei e, tras a correspondente instrución, propor á autoridade competente a resolución que proceda ou, de ser o caso, formular denuncia ante a Comisión Nacional da Competencia debidamente documentada.

h) Colaborar co Observatorio da Cadea Alimentaria na realización dos traballos, estudos e informes que, sobre os produtos, mercados e sectores a que se refire o número cinco, resulten necesarios para o exercicio das funcións que o Observatorio ten encomendadas.

i) Xestionar e manter o Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria.

j) Establecer relacións de colaboración con outros órganos da Administración xeral do Estado e coas comunidades autónomas en materias da súa competencia e en actuacións de control da calidade e de promoción dos produtos, mercados ou sectores a que se refire o número cinco.

k) Colaborar con organizacións sectoriais, de produtores e interprofesionais relacionadas coas materias da súa competencia.

l) Calquera outra función que regulamentariamente se lle atribúa para o cumprimento dos seus fins xerais.

7. As actuacións de control e inspección que leve a cabo a Axencia realizaranas funcionarios públicos que, no exercicio das súas funcións, terán a condición de axentes da autoridade.

As actas levantadas polos inspectores da Axencia terán o carácter de documento público e, salvo que se acredite o contrario, farán proba dos feitos que se recollan nelas.

8. Os funcionarios da Axencia de Información e Control Alimentarios, que estean debidamente acreditados polo seu director, realizarán as actuacións de inspección e control ás entidades e operadores que lles ordene e, na súa actuación, terán as seguintes facultades:

- a) Acceder a calquera local, terreo, instalación ou medio de transporte utilizados polas persoas físicas ou xurídicas sometidas a control.
- b) Verificar as existencias dos seus almacéns, os produtos obtidos, os procesos que aplican e as instalacións, maquinaria e equipamentos utilizados.
- c) Acceder aos libros e documentos relativos á actividade da entidade, calquera que sexa o seu soporte material e, en particular, a todos os que acrediten a orixe das súas compras e o destino das súas vendas e os seus respectivos prezos e valores, así como obter copias ou extractos, en calquera formato e soporte, dos ditos libros e documentos.
- d) Reter, por un prazo máximo de cinco días, os libros ou documentos mencionados na alínea c) deste punto. Excepcionalmente, entregaranse os orixinais cando non se poida entregar copia autenticada deles.
- e) Precintar almacéns, instalacións, depósitos, equipamentos, vehículos, libros ou documentos e demais bens da entidade durante o tempo e na medida en que sexa necesario para a inspección.
- f) Requirirle a calquera representante ou membro do persoal ao servizo da persoa obxecto de control as explicacións que considere necesarias sobre as actividades, procesos, materiais ou documentos relacionados co obxecto e finalidade da inspección e gardar constancia das súas respostas.
- g) Tomar mostras de materias primas, produtos intermedios e terminados para determinar a súa composición e características, así como dos subprodutos xerados.
- h) Levantar a acta na cal se reflectan as actuacións realizadas, a información requirida e a obtida e os feitos constatados.

O exercicio das facultades descritas nas alíneas a) e e) requirirá o previo consentimento expreso do afectado ou, no seu defecto, a correspondente autorización xudicial.

En calquera momento do procedemento, poderase ordenar, de oficio ou por instancia de parte, que se manteñan secretos os datos ou documentos que se consideren confidenciais, formando con eles peza separada.

9. Todos os que tomen parte nas actuacións de control, inspección ou tramitación dos expedientes sancionadores deberán gardar segredo sobre os feitos e de cantas informacións de natureza confidencial tivesen coñecemento. Así mesmo, deberán gardar segredo sobre as ditas actuacións, os que as coñecesen por razón de profesión, cargo ou intervención como parte, mesmo despois de cesar nas súas funcións.

10. Toda persoa física ou xurídica queda suxeita ao deber de colaboración coa Axencia de Información e Control Alimentarios e está obrigada a proporcionar, por requirimento desta e en prazo, toda clase de datos e informacións de que dispoña e que poidan resultar necesarios co obxecto e finalidade da inspección. O dito prazo será de dez días, salvo que pola natureza do solicitado e as circunstancias do caso se fixe de forma motivada un prazo diferente.

11. O réxime de persoal da Axencia axustarase ao disposto no artigo 47.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

12. Os recursos económicos da Axencia poderán provir de calquera dos enumerados no número 1 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

13. En materia de contratación, de adquisición e de alleamento, a Axencia réxese polas normas xerais de contratación das administracións públicas.

14. O réxime patrimonial da Axencia de Información e Control Alimentarios axustarase ás previsións do artigo 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional segunda. *Laboratorios agroalimentarios para o control oficial dependentes funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

Un. Laboratorios agroalimentarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Os laboratorios agroalimentarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, co fin de homoxeneizar os criterios aplicados na realización dos controis analíticos oficiais e mellorar a calidade dos resultados, coordinarán, colaborarán e cooperarán cos laboratorios agroalimentarios designados polas autoridades competentes das comunidades autónomas para realizar a análise das mostras tomadas nos ditos controis, e desenvolverán principalmente as seguintes funcións:

- Harmonizar os criterios para a adopción de métodos analíticos nos laboratorios oficiais e propor a súa modificación, extinción ou establecemento de novos.
- Facilitar a transferencia de métodos analíticos entre os laboratorios agroalimentarios das comunidades autónomas e do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e difundir a oferta e capacidade analítica deses laboratorios.
- Organizar e desenvolver o funcionamento dos grupos de traballo sectoriais, nos cales participan representantes técnicos das diferentes administracións públicas e do sector.
- Facilitar a formación do persoal técnico dos laboratorios responsable das análises dos produtos agroalimentarios.
- Establecer un marco de relación institucional común entre os laboratorios e a Entidade Nacional de Acreditación.

A designación, por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas dos laboratorios para facer o control analítico oficial, terá validez para todo o territorio do Estado e os laboratorios designados formarán parte da Rede de laboratorios agroalimentarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o que permitirá unha coordinación máis eficaz do soporte analítico do control oficial. Este soporte levarano a cabo laboratorios acreditados que teñan implantados sistemas de control da calidade de acordo co que estableza a normativa comunitaria, de modo que os resultados das análises presenten unha elevada calidade e uniformidade.

Dous. Rede de laboratorios agroalimentarios.

A Rede de laboratorios agroalimentarios que coordinará o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ten como fin compartir e fomentar a acreditación de laboratorios de ensaio e métodos analíticos para o control oficial. Formarán parte da dita rede os laboratorios, públicos ou privados, que participen en traballos de control oficial por designación das autoridades competentes das comunidades autónomas ou da Administración xeral do Estado. As distintas autoridades competentes deberán facilitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información relativa aos ditos laboratorios e á súa carteira de servizos. O funcionamento da rede establecerase de forma regulamentaria.

Tres. Coordinación dos grupos de traballo.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coordinará os grupos de traballo que se establezan no seo da rede, para o seu desenvolvemento.

Catro. Especialización en técnicas acreditadas.

En colaboración coas comunidades autónomas e co obxecto de optimizar os recursos dispoñibles, promoverase a especialización dos laboratorios en determinadas técnicas acreditadas específicas, de maneira que poidan realizar as análises solicitadas polo conxunto das administracións públicas que así o requiran no exercicio das súas competencias de control oficial.

Cinco. Designación de laboratorios de referencia.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en coordinación coas comunidades autónomas, designará os laboratorios nacionais de referencia, no ámbito agroalimentario e de pensos, cuxo carácter será necesariamente público.

Seis. Taxa polos servizos de análises oficiais realizadas polos laboratorios alimentarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

1. A taxa pola realización de servizos de análises oficiais de mostras efectuadas polos laboratorios alimentarios que dependan funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente rexerese por esta lei e polas demais fontes normativas previstas no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Constitúe o feito imponible a realización de servizos de análises oficiais de mostras polos laboratorios alimentarios que dependan funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Non se devindicará esta taxa nos casos de estudos, caracterización de produtos agroalimentarios ou desenvolvemento de métodos analíticos.

3. Serán suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que soliciten a prestación de calquera dos servizos que constitúen o feito imponible.

4. Estarán exentas do pagamento da taxa a Administración xeral do Estado e aquelas outras administracións públicas coas cales, coa condición de reciprocidade, así se conviñer.

5. A devindicación producirase no momento en que se presente a solicitude para o inicio da prestación dos servizos.

6. A contía das taxas pola realización de servizos de análises de mostras dos laboratorios alimentarios que dependan funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente será a seguinte:

a) Análises consistentes en medicións directas con instrumental sinxelo, reaccións cualitativas, cálculos aritméticos e determinacións físicas. Por cada mostra: 15 euros.

b) Preparación de mostras:

1.º Para análises con operacións básicas ou cuantificación de análise, consistentes en operacións convencionais de laboratorio (extraccións, destilacións, mineralizacións). Por cada mostra e cada determinación: 10 euros.

2.º Para procesos intermedios de maior complexidade: 25 euros por cada mostra.

c) Preparación dunha mostra para análise isotópica: 36 euros.

d) Identificación e/ou cuantificación dunha substancia mediante técnicas non instrumentais: 15 euros.

e) Identificación e/ou cuantificación dunha substancia mediante kits enzimáticos e técnicas espectrofotométricas (ultravioleta visible, infravermello, absorción atómica de chama ou con cámara de grafito ou por xeración de hidruros ou por vapor frío): 29 euros.

f) Identificación e/ou cuantificación dun grupo de elementos por ICP óptico ou ICP masas:

1.º Un elemento 20 euros, ata 4 elementos 40 euros e máis de 4 elementos: 100 euros.

2.º No caso do «Br», «Rb», «Sr» e «I», por cada elemento e mostra 32 euros.

g) Determinación e cuantificación de Hg por espectrometría de absorción atómica con analizador directo: 28 euros.

h) Identificación e/ou cuantificación dunha substancia, ou grupo de substancias, mediante técnicas instrumentais separativas (cromatografía de gases, de líquidos, electroforese capilar): por unha substancia 30 euros; entre dúas e quince substancias 40 euros, e máis de quince substancias 65 euros.

i) Identificación e/ou cuantificación dunha substancia, ou grupos de substancias, mediante cromatografía de gases/espectrometría de masas e/ou cromatografía de líquidos/masas: 80 euros.

- j) Identificación e/ou cuantificación de residuos de pesticidas:
- 1.º Organofosforados, organoclorados e outros grupos 45 euros.
 - 2.º Confirmación dos compostos da alínea a) mediante cromatografía de gases/espectrofotometría de masas e/ou cromatografía de líquidos masas 35 euros.
 - 3.º Métodos específicos para un pesticida 50 euros.
- k) Medidas isotópicas por espectrometría de masas de ^{13}C , ^{18}O e ^2H , por cada isótopo: 60 euros.
- l) Medidas isotópicas da relación D/H por resonancia magnética nuclear: 100 euros.
- m) Medida por escintileo líquido de ^{14}C e/ou ^3H , por cada mostra: 100 euros.
- n) Análise sensorial cuxo resultado se obteña mediante o ditame dun panel de cata. Por cada mostra: 75 euros.
- o) Análise polínica e outras análises micrográficas. Por cada mostra: 70 euros.
- p) Recontos de mofos e levaduras por Howard. Por cada mostra: 15 euros.
- q) Proba biolóxica de antifermentos. Por cada mostra: 15 euros.
- r) Determinación dunha substancia mediante kits específicos para radioinmunoensaio: 57 euros.
- s) Determinacións realizadas mediante inmunoensaio (ELISA): 80 euros.
- t) Determinación do contido de glute en alimentos por Western immunoblotting: 50 euros.
- u) Identificación e/ou cuantificación de substancias mediante a concorrencia de técnicas definidas nas diferentes epígrafes precedentes: valorarase mediante a súa suma.
- v) Análises microbiolóxicas:
- 1.º Recento dunha especie de microorganismos: 25 euros.
 - 2.º Illamento e identificación de microorganismos por especie: 25 euros.
 - 3.º Proba microbiolóxica de cribado de inhibidores do crecemento bacteriano: 15 euros.
 - 4.º Análise microbiolóxica por PCR: 70 euros.
 - 5.º Estudos serolóxicos de patóxenos: 50 euros.
- w) Análise por PCR de organismos modificados xeneticamente:
- 1.º Análise de cribado (detección de controis internos de planta, e de secuencias reguladoras ou de selección) por xene analizado: 50 euros.
 - 2.º Análise de detección e identificación por PCR a tempo real de secuencias específicas por xene analizado: 60 euros.
 - 3.º Análise cuantitativa por PCR a tempo real: por OMG (están incluídas as operacións descritas en 1.º e 2.º): 180 euros.
- x) Emisión de certificado sobre unha análise practicada: 8 euros.
- e) Emisión de informe sobre unha análise practicada: 36 euros/hora ou fracción.
7. As taxas serán obxecto de autoliquidación polo suxeito pasivo nos termos que regulamentariamente se establezan.
8. A xestión da taxa correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición adicional terceira. *Non incremento de gasto.*

A execución do disposto nesta lei efectuarase cos medios materiais e persoais destinados ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e aos seus organismos dependentes, sen que supoña incremento neto do gasto, en especial, en relación cos gastos de persoal.

Disposición adicional cuarta. *Realización e difusión de estudos e análises comparativas.*

1. Cando, por iniciativa de calquera persoa física o xurídica, se realicen estudos e análises comparativas en produtos alimentarios dispostos para a súa venda ao

consumidor final, e cuxos resultados se destinen á súa difusión, deberanse observar os principios de veracidade, rigor técnico e analítico e cumprir con todas as garantías recollidas na normativa nacional ou comunitaria en materia de análise.

2. Todas as probas ou análises en que se baseen os estudos, informes e análises deberán ser realizadas por un laboratorio que posúa unha acreditación equivalente á exigida aos laboratorios autorizados para intervir no control oficial de alimentos.

3. Unha vez obtido o resultado da proba, este comunicaráse ao fabricante ou titular do establecemento, segundo o procedemento que se establecerá regulamentariamente. Cando do resultado da análise derive un incumprimento legal, o fabricante ou envasador ou responsable do produto, cuxo nome figura na etiquetaxe, poderá realizar unha análise contraditoria. En caso de discrepancia entre os resultados de ambas as análises, realizarase unha terceira análise, que será dirimente. O procedemento desenvolverase regulamentariamente en ambos os casos.

Reglamentariamente establecerase o procedemento a que terán que se axustar os estudos, informes ou análises, en relación coa ficha técnica, o procedemento de compra dos produtos que se van analizar, os requisitos aplicables á toma de mostras e o procedemento de comunicación de resultados aos afectados.

4. Os estudos, informes e análises non deberán inducir a erro ao consumidor respecto á seguridade, calidade dos produtos ou ao cumprimento da lexislación alimentaria que lle sexa de aplicación.

5. O incumprimento dos principios e requisitos aplicables aos estudos, informes e análises levados a cabo por entidades de carácter público ou privado destinados á súa difusión pública, contidos nesta disposición, poderá ser considerado como un comportamento obxectivamente contrario ás exigencias da boa fe, de acordo co disposto no capítulo II da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

Disposición transitoria primeira. *Contratos preexistentes.*

A presente lei aplicarase aos contratos perfeccionados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como ás renovacións, prórrogas e novacións de contratos perfeccionados anteriormente, cuxos efectos se produzan tras a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Organizacións profesionais agroalimentarias.*

Quedarán exceptuadas das novidades introducidas nesta lei sobre o requisito exigido para o recoñecemento de organizacións interprofesionais agroalimentarias de acreditar que representan, no seu ámbito territorial e no seu sector, polo menos o 51 por 100 das producións afectadas en todas e cada unha das ramas profesionais, aquelas organizacións interprofesionais agroalimentarias que xa estean recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual o inferior rango se opoñan ou resulten incompatibles co establecido nesta lei, e en particular:

- A Lei 28/1987, do 11 de decembro, pola que se crea a Axencia para o Aceite de Oliva, e
- O Real Decreto 509/2000, do 14 de abril, polo que se crea o Observatorio de Prezos dos Alimentos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

Modifícase a Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, na forma que a continuación se indica.

Un. Dáselle nova redacción ao artigo 2.

«Artigo 2. *Concepto de organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

Por organización interprofesional agroalimentaria entenderase, para os efectos da presente lei, aquela, de ámbito estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma, que estea constituída por organizacións representativas calquera que sexa a natureza xurídica empresarial dos seus representados, da produción, da transformación e, de ser o caso, da comercialización e distribución agroalimentaria.»

Dous. Dáselle nova redacción ao artigo 3.

«Artigo 3. *Finalidades das organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

As organizacións interprofesionais agroalimentarias constituiranse con todas ou algunhas das seguintes finalidades:

- a) Velar polo adecuado funcionamento da cadea alimentaria e favorecer unhas boas prácticas nas relacións entre os seus socios en canto que son partícipes da cadea de valor.
- b) Levar a cabo actuacións que permitan mellorar o coñecemento, a eficiencia e a transparencia dos mercados, en especial mediante a posta en común de información e estudos que resulten de interese para os seus socios.
- c) Desenvolver métodos e instrumentos para mellorar a calidade dos produtos en todas as fases da produción, a transformación, a comercialización e a distribución.
- d) Promover programas de investigación e desenvolvemento que impulsen os procesos de innovación no seu sector e que melloren a incorporación da tecnoloxía tanto aos procesos produtivos como á competitividade dos sectores implicados.
- e) Contribuír a mellorar a coordinación dos diferentes operadores implicados nos procesos de posta no mercado de novos produtos, en particular, mediante a realización de traballos de investigación e estudos de mercado.
- f) Realizar campañas para difundir e promover as producións alimentarias, así como levar a cabo actuacións para facilitar unha información adecuada aos consumidores sobre estas.
- g) Proporcionar información e levar a cabo os estudos e as accións necesarias para racionalizar, mellorar e orientar a produción agroalimentaria ás necesidades do mercado e ás demandas dos consumidores.
- h) Protexer e promover a agricultura ecolóxica, a produción integrada e calquera outro método de produción respectuoso co ambiente, así como as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas protexidas e calquera outra forma de protección de calidade diferenciada.
- i) Elaboración de contratos tipo agroalimentarios compatibles coa normativa de competencia nacional e comunitaria.
- j) Promover a adopción de medidas para regular a oferta, de acordo co previsto na normativa de competencia nacional e comunitaria.
- k) A negociación colectiva de prezos cando existan contratos obrigatorios nos termos previstos na normativa comunitaria.
- l) Desenvolver métodos para controlar e racionalizar o uso de produtos veterinarios e fitosanitarios e outros factores de produción, para garantir a calidade dos produtos e a protección do ambiente.
- m) Realizar actuacións que teñan por obxecto unha mellor defensa do ambiente.
- n) Promover a eficiencia nos diferentes elos da cadea alimentaria mediante accións que teñan por obxectivo mellorar a eficiencia enerxética, reducir o impacto ambiental, xestionar de forma responsable os residuos e subprodutos ou reducir as perdas de alimentos ao longo da cadea.
- ñ) Deseño e realización de accións de formación de todos os integrantes da cadea para garantir a competitividade das explotacións agrarias, empresas e traballadores, así como a incorporación á cadea de xuventude cualificada.

o) A realización de estudos sobre os métodos de produción sustentable e a evolución do mercado, incluíndo índices de prezos e custos obxectivos, transparentes, verificables e non manipulables, que poidan ser usados de referencia na fixación do prezo libremente pactado nos contratos, sempre tendo en conta o establecido ao respecto pola normativa sectorial comunitaria.

p) Desenvolver e implementar a formación necesaria para a mellora da cualificación profesional e empregabilidade dos profesionais dos sectores agroalimentarios.

q) Calquera outra que lle atribúa a normativa comunitaria.»

Tres. Dáselles nova redacción ás alíneas b) do número 1 e a) e c) do número 2 do artigo 4.

«Artigo 4. *Recoñecemento das organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

1.

b) Acrediten representar, no seu ámbito territorial e no seu sector, polo menos o 51 por 100 das producións afectadas en todas e cada unha das ramas profesionais.

2.

a) Regularán as modalidades de adhesión e retirada dos membros que as conforman, garantindo a pertenza a ela de toda organización representativa de ámbito nacional que se comprometa ao seu cumprimento, sempre que acredite representar, polo menos, o 10 por 100 da rama profesional a que pertence.

Así mesmo, terá garantida a súa presenza toda organización de ámbito autonómico que acredite representar polo menos o 50 por 100 da rama profesional correspondente ao seu ámbito territorial, sempre que o sector ou produto de que se trate supoña polo menos un 3 por 100 da produción final agraria pesqueira ou agroalimentaria a nivel nacional, ou o 8 por 100 da produción final agraria no nivel de comunidade autónoma.

Regularán igualmente a duración do período de representatividade das organizacións membro, os procedementos para a súa renovación e unha previsión sobre o estado da dita representatividade, en caso de que por falta de acordo entre os seus membros se exceda o dito período.

c) Regularán a participación paritaria na xestión da organización interprofesional agroalimentaria do sector produtor dunha parte, e do sector transformador e comercializador doutra. En función da representación de intereses así como do obxecto social para o cal foron constituídas, as organizacións de cooperativas agrarias poderanse encadrar no sector da produción, da transformación e da comercialización, ou en todos eles simultaneamente.»

Catro. Dáselles nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 5.

«Artigo 5. *Número de organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

1. Só se recoñecerá unha única organización interprofesional agroalimentaria por sector ou produto, salvo o disposto nos puntos seguintes deste artigo.

2. Os produtos agrarios e alimentarios con dereito ao uso de figuras de protección da calidade diferenciada poderán ser considerados, para os efectos do presente artigo, como sectores ou produtos diferenciados do de carácter xeral considerado no punto anterior, ou doutros de igual ou similar natureza.»

Cinco. Dáselle nova redacción ao número 2 do artigo 6.

«2. As organizacións interprofesionais agroalimentarias deberán remitir ao Rexistro de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 30 de abril de cada ano, a

memoria anual de actividades do ano anterior, o estado de representatividade ao peche do exercicio, as contas anuais e a liquidación do último exercicio debidamente auditado e o orzamento anual de ingresos e gastos do exercicio corrente.»

Seis. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 7.

«Artigo 7. *Acordos das organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

As organizacións interprofesionais agroalimentarias axustaranse, para a adopción dos seus acordos e no seu funcionamento, ás normas e principios recollidos na normativa de defensa da competencia nacional e comunitaria.»

Sete. Dáselle nova redacción ao artigo 8.

«Artigo 8. *Extensión de normas.*

1. Adoptado un acordo na organización interprofesional agroalimentaria, elevarase ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a aprobación, de ser o caso, mediante orde ministerial da proposta de extensión de todas ou dalgunhas das súas normas ao conxunto total de produtores e operadores do sector ou produto.

As propostas de extensión de normas deberán referirse a actividades relacionadas coas definidas no artigo 3 como finalidades das organizacións interprofesionais agroalimentarias, así como calquera outra que lle atribúa a normativa comunitaria.

2. Só se poderá solicitar a extensión de norma regulada no punto anterior no seo dunha organización interprofesional, nas condicións que se establezan por vía regulamentaria, cando concorra que:

- a) O acordo é apoiado por polo menos o 50% de cada unha das ramas profesionais implicadas e,
- b) A organización interprofesional agroalimentaria represente como mínimo o 75% das producións afectadas.

3. Regulamentariamente estableceranse os mecanismos de control e seguimento do cumprimento dos acordos de extensión de normas.

4. O contido deste artigo enténdese, en todo caso, sen prexuízo da aplicación das disposicións contidas na normativa vixente de defensa da competencia e na normativa comunitaria.

5. No caso de que dentro dun sector determinado existan varias organizacións interprofesionais agroalimentarias recoñecidas, estas veranse vinculadas aos acordos de extensión de norma, aprobados e publicados, doutra organización interprofesional agroalimentaria recoñecida para o mesmo sector ou produto de carácter xeral e estatal, no cal queden sectorialmente incluídas.

6. A orde reguladora correspondente fixará a duración dos acordos, non superior a cinco anos ou campañas, para os cales se solicita a extensión de normas con base na normativa nacional e comunitaria.

7. No procedemento de elaboración da orde de extensión, que se axustará ao previsto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, acreditarase a participación pública dos potenciais destinatarios, por período non inferior a quince días.»

Oito. O artigo 9 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Achega económica en caso de extensión de normas.*

Cando, nos termos establecidos no artigo anterior, se expidan normas ao conxunto dos produtores e operadores implicados, as organizacións interprofesionais agroalimentarias poderán propor ao Ministerio de Agricultura,

Alimentación e Medio Ambiente, para a súa aprobación, de ser o caso, a achega económica por parte daqueles que non estean integrados nelas, de acordo cos principios de proporcionalidade na contía respecto aos custos das accións e de non discriminación con respecto aos membros das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

Non se poderán repercutir gastos de funcionamento da organización interprofesional agroalimentaria que non correspondan ao custo das accións.»

Nove. Suprímese o artigo 10.

Dez. Dáselle unha nova redacción ao artigo 11.

«Artigo 11. *Revogación do recoñecemento de organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente revogará o recoñecemento a todas aquelas organizacións interprofesionais agroalimentarias que deixen de cumprir algunha das condicións establecidas no artigo 4 desta lei.

2. Poderase revogar o recoñecemento daquelas organizacións interprofesionais agroalimentarias que permanecesen inactivas, sen desenvolver ningunha das finalidades establecidas no artigo 3 desta lei, durante un período ininterrompido de tres anos.

3. A revogación do recoñecemento efectuarase logo de audiencia das organizacións interprofesionais agroalimentarias afectadas e inscribírase no rexistro regulado no artigo 14 desta lei.»

Once. Dáselle nova redacción ao artigo 12.

«Artigo 12. *Tipificación de infraccións.*

1. As infraccións administrativas do disposto nesta lei clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Constituirán infraccións leves as seguintes:

a) O atraso inxustificado no envío ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente de calquera dos documentos mencionados nos artigos 6 e 7 sobre documentación e acordos das organizacións interprofesionais agroalimentarias desta lei.

b) O incumprimento polos obrigados ao pagamento da achega económica obrigatoria ou das cotas en que se desagregue, nos supostos de extensión de norma aprobada pola autoridade competente, cando a súa contía non supere os 6.000 euros.

3. Constituirán infraccións graves as seguintes:

a) A comisión, no termo dun ano, de máis de dúas infraccións leves, cando así fose declarado por resolución firme.

b) A non remisión ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por parte das organizacións interprofesionais agroalimentarias, dos acordos adoptados no seu seo.

c) A non remisión ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente das contas anuais e a liquidación do último exercicio debidamente auditado, por parte das organizacións interprofesionais agroalimentarias, cando ao longo do período anual estas percibisen achegas económicas obrigatorias de todo o sector en virtude dunha orde de extensión de norma aprobada pola autoridade competente.

d) O incumprimento polos obrigados ao pagamento da achega económica obrigatoria ou das cotas en que se desagregue, nos supostos de extensión de

norma aprobada pola autoridade competente, cando a súa contía supere os 6.000 euros e non exceda os 60.000 euros.

4. Constituirán infraccións moi graves:

a) A comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción grave da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

b) O desenvolvemento de actuacións cuxa finalidade sexa contraria ás establecidas no artigo 3 desta lei.

c) O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos para o recoñecemento das organizacións interprofesionais agroalimentarias no artigo 4 desta lei.

d) A denegación da adhesión como membro das organizacións interprofesionais agroalimentarias daquelas organizacións sectoriais de ámbito nacional ou autonómico que acrediten ter a representatividade mínima establecida no artigo 4.2 a) desta lei.

e) A aplicación do réxime de achegas económicas por extensión de normas desta lei en termos distintos aos contidos na correspondente orde ministerial.

f) O incumprimento polos obrigados ao pagamento da achega económica obrigatoria ou das cotas en que se desagregue, nos supostos de extensión de norma aprobada pola autoridade competente, cando a súa contía exceda os 60.000 euros.

5. Nas infraccións relativas ao incumprimento do pagamento da achega económica obrigatoria ou das cotas en que se desagregue, nos supostos de extensión de norma aprobada pola autoridade competente, o impagamento deberá ser denunciado pola organización interprofesional perante a autoridade competente, xuntando a documentación que acredite ter requirido o pagamento aos debedores, así como a admisión a trámite da correspondente demanda xudicial ou, de ser o caso, da solicitude de laudo arbitral.

Non obstante, cando a achega económica impagada ou as cotas en que se desagregue se calculen sobre datos incluídos en declaracións oficiais á administración competente ou constatados nas súas actuacións de control, non será necesario acreditar a presentación da documentación mencionada no parágrafo anterior.»

Doce. Dáselle nova redacción ao artigo 13.

«Artigo 13. *Sancións.*

1. As infraccións administrativas enumeradas no artigo anterior sancionaranse:

a) As infraccións leves con apercibimento ou multa de ata 3.000 euros.

b) As infraccións graves con multa comprendida entre 3.001 euros e 150.000 euros.

Ademais poderase ordenar a suspensión temporal do recoñecemento da organización interprofesional agroalimentaria, para efectos do establecido nesta lei, por un prazo non superior a un ano.

c) As infraccións moi graves con multa comprendida entre 150.001 euros e 3.000.000 de euros.

Ademais, poderá ordenarse a suspensión temporal do recoñecemento da organización interprofesional agroalimentaria, para efectos do establecido nesta lei, por un prazo comprendido entre un ano e un día e tres anos.

Así mesmo, poderase ordenar a retirada definitiva do recoñecemento á organización interprofesional agroalimentaria, para os efectos previstos nesta lei.

2. Os criterios para a gradación da sanción que se vai aplicar serán os que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A resolución do procedemento sancionador será competencia:

- a) Do director xeral da Industria Alimentaria, cando a contía total da sanción proposta polo instrutor do expediente non supere os 100.000 euros.
- b) Do secretario xeral de Agricultura e Alimentación, cando a dita contía exceda os 100.000 euros e non supere os 300.000 euros.
- c) Do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando a dita contía exceda os 300.000 euros e non supere os 600.000 euros.
- d) Do Consello de Ministros, cando a dita contía exceda os 600.000 euros ou cando se propoña como sanción a suspensión temporal ou definitiva do recoñecemento da organización interprofesional agroalimentaria.»

Trece. Dáselle nova redacción ao número 2 do artigo 15.

«Artigo 15. *Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias.*

2. O Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias actuará en pleno e en comisión permanente. O Pleno estará presidido polo secretario xeral de Agricultura e Alimentación, e estará composto, na forma en que se determine regulamentariamente, por representantes dos ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de Economía e Competitividade e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, das comunidades autónomas, das organizacións profesionais agrarias, organizacións de cooperativas agrarias e pesqueiras, organizacións de produtores pesqueiros recoñecidas, organizacións da industria e do comercio alimentario e das organizacións de consumidores.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos-tipo de produtos agroalimentarios.*

Modifícase a Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos-tipo de produtos agroalimentarios, na forma que a continuación se indica:

Un. Dáselle nova redacción ao número 2 do artigo 2.

«Artigo 2. *O contrato-tipo agroalimentario.*

2. Enténdese por sistema agroalimentario, para os efectos do establecido nesta lei, o conxunto dos sectores produtivos agrícolas, gandeiro, forestal e pesqueiro, así como os de transformación e comercialización dos seus produtos.»

Dous. Dáselle unha nova redacción á alínea d) do artigo 3:

«Artigo 3. *Contido dos contratos.*

d) Prezos e condicións de pagamento. O prezo que se percibirá e os criterios para a súa actualización serán libremente fixados polas partes signatarias do contrato, as cales poderán ter en conta, de ser o caso, indicadores de prezos ou custos. Estes indicadores deberán ser obxectivos, transparentes e verificables, e non manipulables. Na fixación dos prezos e condicións de pagamento terase en conta o establecido ao respecto pola normativa sectorial comunitaria.»

Tres. Suprímese o artigo 8.

Catro. Dáselle nova redacción ao segundo parágrafo do artigo 10.

«Artigo 10. *Controversias.*

En caso de que a comisión de seguimento, no prazo e na forma que regulamentariamente se establezan, non logre unha solución ao conflito, ou no de discrepancia coa solución proposta, as partes poderán recorrer a procedementos arbitrais.»

Cinco. Dáselle nova redacción ao artigo 11.

«Artigo 11. *Infraccións e sancións.*

1. Considéranse infraccións leves:

- a) A non remisión ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dos resultados da auditoría externa no prazo regulamentariamente establecido.
- b) A non remisión ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dos datos a que se refire o artigo 4.1 desta lei.

2. Considéranse infraccións graves:

- a) A non constitución polos propoñentes do contrato tipo homologado da comisión de seguimento no prazo regulamentariamente previsto.
- b) O non cumprimento de todos ou dalgún dos fins da comisión de seguimento.
- c) A non realización da auditoría externa establecida na presente lei.
- d) A non remisión de información, ou a remisión de datos falsos á autoridade competente dentro do prazo fixado.
- e) A reincidencia nunha infracción leve de igual natureza no mesmo ano contado desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da infracción anterior.

3. Considéranse infraccións moi graves.

- a) A aplicación das achegas económicas a destinos distintos dos contidos na memoria complementaria a que se refire o artigo 5.3 da presente lei.
- b) Acordar ou realizar actividades con ánimo de lucro pola comisión de seguimento.
- c) A negativa absoluta á actuación dos servizos públicos de inspección.
- d) A reincidencia nunha infracción grave de igual natureza no mesmo ano contado desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da infracción anterior.

4. As infraccións enumeradas nos puntos anteriores serán sancionadas:

- a) As infraccións leves con apercibimento ou multa de ata 3.000 euros.
- b) As infraccións graves con multa comprendida entre 3.000 e 150.000 euros.
- c) As infraccións moi graves con multa comprendida entre 150.000 euros e 3.000.000 de euros.

5. Os criterios para a gradación da sanción que se vai aplicar serán os que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Seis. Dáselle nova redacción ao artigo 12.

«Artigo 12. *Órganos competentes.*

A resolución do procedemento sancionador será competencia:

- a) Do director xeral da Industria Alimentaria, cando a contía total da sanción proposta polo instrutor do expediente no supere os 100.000 euros.
- b) Do secretario xeral de Agricultura e Alimentación, cando a dita contía exceda os 100.000 euros e non supere os 300.000 euros.
- c) Do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando a dita contía exceda os 300.000 euros e non supere os 600.000 euros.
- d) Do Consello de Ministros, cando a dita contía exceda os 600.000 euros.»

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

A presente lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Exceptúase do anterior o disposto nas alíneas f) e g) do artigo 5, o título II e a disposición transitoria primeira, que se amparan nas regras 6.^a e 8.^a do artigo 149.1, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil e lexislación civil.

Disposición derradeira cuarta. *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitate o Goberno para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos cinco meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY